

**INFORME DENDE  
A PERSPECTIVA DA  
INFANCIA E  
ADOLESCENCIA**





## **Informe dende a perspectiva da Infancia e Adolescencia**




---

## **CONTIDO**

---

<b>I.</b>	<b>O ORZAMENTO 2021 DENDE A PERSPECTIVA DA INFANCIA E ADOLESCENCIA</b>	<b>7</b>
I.1.	XUSTIFICACIÓN DO INFORME	9
<b>II.</b>	<b>SITUACIÓN DA INFANCIA EN GALICIA</b>	<b>11</b>
<b>III.</b>	<b>ANÁLISE DA INFORMACIÓN</b>	<b>19</b>
III.1.	RESULTADOS XERAIS	21
III.2.	DEREITOS DA INFANCIA	22
III.3.	CATEGORÍAS DE GASTO EN INFANCIA	25
<b>IV.</b>	<b>CLASIFICACIÓN DOS PROXECTOS</b>	<b>27</b>
IV.1.	ANÁLISE POR DEREITOS DA INFANCIA	32
IV.2.	ANÁLISE POR CATEGORÍA DE GASTO	33
<b>V.</b>	<b>ORZAMENTO EN INFANCIA E ADOLESCENCIA SEGUNDO O PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA (PEG)</b>	<b>35</b>
<b>VI.</b>	<b>COMPARACIÓN CO ORZAMENTO DO ANO ANTERIOR</b>	<b>39</b>
<b>VII.</b>	<b>CONCLUSIÓNS</b>	<b>45</b>
<b>VIII.</b>	<b>BIBLIOGRAFÍA</b>	<b>49</b>





## **O ORZAMENTO 2021 DENDE A PERSPECTIVA DA INFANCIA E ADOLESCENCIA**





---

## **I. O ORZAMENTO 2021 DENDE A PERSPECTIVA DA INFANCIA E ADOLESCENCIA**

### **I.1. XUSTIFICACIÓN DO INFORME**

Co gallo da conmemoración en 2014 dos 25 anos da aprobación pola Organización das Nacións Unidas (ONU) da Convención sobre os Dereitos do Neno, botouse unha ollada retrospectiva sobre a súa aplicación nos nenos e nenas de todo o mundo. Daquela evidenciáronse aínda moitas debilidades no financiamento das políticas públicas orientadas á infancia.

Por outra banda, tras a crise económica a partires de 2008 e de acordo co documento de traballo elaborado por UNICEF Comité Español da “Medición do investimento Orzamentario na Infancia”, quedou patente que os propósitos lexislativos e políticos só protexen efectivamente os dereitos dos nenos se van acompañados de medidas orzamentarias ou de gasto público acorde cos resultados que se pretenden obter.

O Comité dos Dereitos do Neno da ONU publicou en marzo de 2018 o documento “Observacións finais sobre os informes periódicos quinto e sexto combinados en España dirixidas ás Comunidades e Cidades Autónomas”. Este informe, se ben recoñece os avances realizados en España en relación ás medidas de seguimento adoptadas e os progresos realizados, establece a necesidade de introducir unha serie de melloras. Este é o caso das medidas xerais de aplicación, xa que o Comité, no punto 9, “insta ao Estado a adoptar medidas para promover, en todas as CCAA, una avaliación integral das necesidades orzamentarias relacionadas coa infancia, co obxecto de redistribuír os recursos destinados a facer efectivos os dereitos dos nenos e nenas, particularmente en relación co aumento dos investimentos en educación e a prestación de servizos públicos”.

Ademais, indícase a necesidade de “adoptar un criterio baseado nos dereitos do neno a hora de elaborar os orzamentos públicos nos que se especifiquen claramente as asignacións para os nenos e nenas, con inclusión de indicadores específicos e dun sistema de seguimento que permita supervisar e avaliar a adecuación, eficiencia e equidade da distribución de recursos asignados para a aplicación da Convención”. Sinálase tamén a necesidade de “definir partidas orzamentarias dedicadas a nenos desfavorecidos ou marxidados, que poidan requirir medidas sociais afirmativas, e vele por que esas partidas orzamentarias estean protexidas, incluso en situacións de crise económica, desastres naturais e outras emerxencias”.

O orzamento resulta unha ferramenta clave para poder coñecer a intensidade das políticas públicas sobre os cidadáns, xa que permite determinar cal é o grao de intensidade que teñen os xestores públicos sobre cada colectivo. Na observación xeral número 19 do citado documento, sobre a elaboración dos orzamentos públicos para facer efectivos os dereitos do neno, sinálanse un conxunto de recomendacións que buscan garantir a

eficiencia, equidade, transparencia e a correcta toma de decisións en todo o proceso de elaboración dos orzamentos relacionados coa infancia.

Dende a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda, enténdese como un traballo indispensable para o desenvolvemento dunha metodoloxía orzamentaria dende a perspectiva da infancia, o establecemento dun procedemento consensuado para identificar e cuantificar o esforzo económico que se fai dende a Administración nos dereitos e no benestar da infancia, e lograr o cumprimento das recomendacións do CDN da ONU, en termos de mellora da inversión en educación e provisión de servizos públicos, fixación de indicadores de infancia e seguimento, transparencia dos recursos ou, entre outros, realizar informes de avaliación do impacto sobre as medidas legais e políticas que afecten aos dereitos do neno.

Todo o anterior ten como obxectivo elaborar o Informe do impacto orzamentario na infancia e na adolescencia, que permita a análise do noso orzamento como unha ferramenta para a protección, incremento e mellora da eficacia e eficiencia dos recursos destinados aos nenos e nenas. Para elo, aprobouse unha Instrución da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos; esta instrución define o procedemento para a identificación, ponderación e categorización do gasto en infancia nos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, como base para a elaboración do Informe e establece un modelo de ficha que se debe cubrir a nivel de proxecto de gasto, xunto coas instrucións para a súa cumprimentación. A ficha móstrase na seguinte páxina.

Ficha para a identificación do gasto en infancia nos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE FACENDA Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos		Ficha de imputación de gasto en infancia e adolescencia				Programa			
Código e denominación do proxecto									
Centro gestor									
Financiamento		modalidade							
		importe €							
		¿É precisa a presenza de menores para que teña lugar ese gasto?				% gasto a imputar		Importe a imputar como gasto en infancia €	
NON	afecta a toda a poboación?	SI			¿hai menores no colectivo diana?	SI			
		NON				NON			
SI	¿todo o proxecto require a súa presenza?	NON			solos con adultos				
		SI							

Primeira pregunta pola que empezará a análise

Segundo a resposta

NON

Ruta A

SI

Ruta B

↑  
Establecer criterios transparentes e consistentes



## SITUACIÓN DA INFANCIA EN GALICIA



## II. SITUACIÓN DA INFANCIA EN GALICIA

A Axenda 2030, impulsada pola Organización das Nacións Unidas (ONU) estableceu, en 2015, os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) que é preciso alcanzar nos próximos anos. Algúns dos ODS tratan de potenciar os dereitos da infancia e mocidade, contando para iso con programas específicos orientados a erradicar a pobreza, garantir unha boa saúde, acadar unha educación de calidade, posibilitar un emprego digno nunha contorna de crecemento económico e reducir a desigualdade.

Isto supuxo que os países asinantes dos ODS teñan comezado a prestar maior atención á incidencia das políticas públicas destinadas á infancia e a mocidade. Para o caso español, este exercicio de responsabilidade debe contar, como non podía ser doutro xeito, coas Comunidades Autónomas (CCAA), posto que dende este nivel de goberno deséñanse e executan unha parte moi importante das actuacións públicas para os nenos e novos.


Neste senso, a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, dependente da Consellería de Política Social da Xunta é o departamento autonómico responsable en Galicia de deseñar e executar as políticas de atención á infancia e adolescencia; esta tarefa realízase a través da Subdirección Xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia.

O goberno autonómico aprobou, en 2019, a Estratexia galega para a infancia e a adolescencia (EGIA), un ambicioso proxecto onde se recollen 227 actuacións, cunha dotación económica de 105 millóns de euros. Esta iniciativa artéllase en catro liñas estratéxicas: i) a promoción dos dereitos e a participación dos nenos e mozos dende unha óptica activa; ii) o crecemento equilibrado e saudable, mellorando o benestar físico, psíquico, emocional e social da infancia e mocidade a través de hábitos de vida saudable; iii) a intervención ante situacións de dificultade, risco e conflito que poidan afectar á infancia e mocidade, prestando unha especial atención aos escenarios máis vulnerables; e iv) mellora da calidade do sistema e práctica institucional, reforzando a calidade dos recursos por medio da investigación, formación e cooperación en materia de infancia e mocidade.

Ademais, e como importante novidade para 2019, dende a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia decidiuse incorporar nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma un informe sobre o impacto que ten na infancia e adolescencia as dotacións consignadas nos orzamentos autonómicos.

Segundo os datos de Instituto Galego de Estatística (IGE) do ano 2020, dos 2.702.244 habitantes que ten Galicia, o 14,2% teñen menos de 18 anos e un 11,7% son persoas de ata 14 anos incluídos. Considerando a idade media da poboación en Galicia (47,5 anos), a nosa Comunidade Autónoma é a terceira máis envellecida.


Gráfico 1. % poboación de 17 anos ou menos (2020-2035)



Fonte: IGE

A tendencia é que o número de nacementos vaia caendo progresivamente. O IGE proxecta unha taxa bruta de natalidade para 2021 de 6,1 nacementos por cada 1.000 habitantes, caendo ao 5,7 por cada 1.000 habitantes para 2032. O saldo vexetativo esperado para 2021 é de 16.471 habitantes menos en Galicia, ampliándose aos 18.691 en 2032. O saldo vexetativo por 1.000 habitantes situaríase no (-6,2) e (-7,3) por 1.000 habitantes, para 2021 e 2032, respectivamente.


Gráfico 2. Fogares segundo o número de persoas menores de 16 e de 5 anos. 2018



Fonte: IGE

No que atinxe á composición dos fogares en Galicia, en 2018 o 8,1% dos fogares tiña unha ou máis persoas menores de 5 anos, mostrando unha redución de 1,8 puntos respecto de 2007 (9,9%). A porcentaxe de fogares cunha persoa menor de 16 anos en 2018 era do 14,4% (16,0% en 2007), e acadaba o 8,5% en 2018 (8,2% en 2007) no caso de fogares con dous ou máis persoas menores de 16 anos. En función da tipoloxía dos fogares en 2018, o 31,3% estaba formado por parellas con fillos, mostrando unha redución de 3,4 puntos respecto ao dato de 2007 (34,8%).

Gráfico 3. Fogares segundo a tipoloxía do fogar. 2018




Fonte: IGE

A situación económica das familias marca claramente o benestar social da infancia e adolescencia. En 2018 o ingreso mensual do fogar con nenos e mozos ao seu cargo era de 2.637 euros (2.478 euros en 2007) fronte aos 1.999 euros en 2018 (1.804 euros en 2007) dos fogares sen nenos e mozos ao seu cargo. Estas cifras permiten sinalar como se reduciu a diferenza entre o ingreso mensual dos fogares con nenos e mozos respecto de os que non teñen, pasando de 674 euros en 2007 aos 638 euros en 2018. Esta diferenza é superior se consideramos os fogares formados por un adulto con nenos ou mozos a cargo e o comparamos cos fogares con un adulto sen nenos ou mozos a cargo, neste caso a diferenza de ingresos en 2007 era de 329 euros que se reducen a 256 en 2018. En consecuencia, móstrase un empeoramento relativo das condicións económicas das familias con nenos e mozos, respecto de aquelas que non ten fillos.

Outra das cuestións que afectan ao benestar económico e social da infancia e adolescencia é a existencia de altos niveis de pobreza. Un indicador elevado de pobreza é a secuela inmediata tras unha crise económica. A taxa de risco de pobreza ou exclusión social (indicador AROPE) en Galicia resulta inferior á media nacional. O dato para 2018 en Galicia, segundo os datos do IGE, era do 19,0%, recollendo o menor valor dende o ano 2011; o valor medio nacional en 2018 foi do 25,3%.

Considerando a composición do fogar, a taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) en 2018 foi do 20,2% para fogares con nenos e mozos a cargo, mentres que caeu a 17,9% para os fogares sen nenos e mozos ao seu cargo. En 2011, o indicador anterior era do 23,2% e 21,1%, respectivamente. Xa que logo, a situación entre 2010 e 2018 mellorou notablemente tanto para os fogares sen nenos e mozos ao seu cargo como para os fogares con nenos e mozos, sendo lixeiramente mellor a melloría para os primeiros..

Gráfico 4. Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) segundo o fogar teña ou non nenos e mozos a cargo.a2018



Fonte: IGE

Sen dúbida, todas estas cifras débennos facer reflexionar sobre a necesidade de orientar adecuadamente o gasto público autonómico cara á nosa infancia e adolescencia, posibilitando “a perspectiva da infancia e adolescencia” sobre os Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non se pode obviar que os resultados mostrados esixen aumentar os esforzos por parte das administracións públicas con competencias en materia de infancia e adolescencia, como mellor ferramenta para combater a pobreza infantil e xuvenil. Isto implica un esforzo orzamentario maior, tanto dende a óptica da eficiencia como a equidade. O primeiro paso para acadar ambos obxectivos é cuantificar o que se está facendo e poñer en valor as políticas aplicadas, introducindo aquelas melloras que nos garantan maiores cotas de benestar para infancia e adolescencia.

### Estratexia do Goberno galego

A Estratexia Galega para a Infancia e a Adolescencia, inspírase nunha serie de principios que orientan a determinación dos obxectivos operativos e a definición das medidas incluídas en cada liña estratéxica de intervención.

Entre estes principios orientadores destaca “A perspectiva da infancia e da adolescencia como enfoque transversal. Propoñéndose Integrar a perspectiva da infancia e da adolescencia no conxunto de políticas públicas que desenvolve o Goberno galego: A consideración dos dereitos dos nenos e nenas converteuse nun asunto verdadeiramente transversal que debe trasladarse aos instrumentos de planificación e de actuación o que implica valorar de que maneira o deseño e desenvolvemento de todas as políticas públicas



pode afectar e contribuír á garantía dos dereitos e á satisfacción das necesidades do neno, nena e adolescente e a telo en consideración na toma de decisións”.

Para materializar o obxectivo estratéxico denominado "PARA A PROMOCIÓN DOS DEREITOS E A PARTICIPACIÓN" establécense un total de seis obxectivos de carácter operativo, dous dos cales fan referencia expresamente a perspectiva da infancia e da adolescencia nas distintas políticas públicas co que se permitirá situar o interese superior da persoa menor de idade no deseño e aplicación destas, do que este informe constitúe o seu primeiro paso.

Da análise dos datos contidos neste informe pódese afirmar que os dereitos dos nenos, nenas e adolescentes en Galicia, son tidos en conta nestes Orzamentos.

Unha primeira valoración evidencian a aposta do Goberno pola infancia e que as partidas orzamentarias están reflectindo que a infancia é unha prioridade para a axenda política.

Non basta destinar recursos a sectores sociais específicos, senón que é necesario que cada investimento teña un impacto potencial na infancia que busque reducir desigualdades e poña aos nenos e nenas no centro da actuación da Administración Autonómica. Isto non poderá facerse sen partir dos principios de participación, transparencia, accesibilidade e universalidade.

A medición e identificación do gasto público destinado á infancia nos orzamentos, que desenvolve este informe, ten un valor en si mesmo para coñecer as cifras xerais (e por sectores) e mellorar a súa trazabilidade, seguimento e monitoreo, para identificar incrementos ou diminucións das partidas relevantes para a infancia e analizar a maior ou menor orientación do orzamento cara aos nenos, nenas e adolescentes.

Pero, ademais, a medición é un primeiro paso necesario para poder realizar outras análises como a avaliación da eficacia, a eficiencia, a suficiencia de recursos, a sostenibilidade e a transparencia das contas públicas que teñen que ver coa infancia.





## ANÁLISE DA INFORMACIÓN




### III. ANÁLISE DA INFORMACIÓN

#### III.1. Resultados xerais

A porcentaxe que supón o gasto en infancia e adolescencia nos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia en 2021 é do 29,0%<sup>1</sup>. En termos absolutos isto supón 3.395,1 millóns de euros. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade protagoniza o 62,2% do total deste gasto, seguida da Consellería de Sanidade, co 19,7% do total (Gráfico 5). Este resultado entra dentro do previsible, posto que a clasificación orgánica do orzamento responde as anteriores políticas de gasto.

Gráfico 5. Gasto en infancia e adolescencia por Consellería (en porcentaxe respecto ao total)




Fonte: Consellería de Facenda

A información por Consellería da porcentaxe do seu gasto destinado a infancia (Gráfico 6) mostra que, novamente, é a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a que destina unha maior parte do seu orzamento a infancia e adolescencia (77,5%), seguida da Consellería de Política Social (27,2%). Pola contra, a Consellería de Emprego e Igualdade é a que presenta unha menor porcentaxe sobre o seu gasto total (4,4%).

Gráfico 6. Porcentaxe de gasto en infancia e adolescencia por Consellería

<sup>1</sup> Porcentaxe referido ao orzamento consolidado, que comprende o das entidades con orzamento limitativo (Administración xeral, organismos autónomos e axencias públicas autonómicas e entidades públicas instrumentais de asesoramento ou consulta) e no que non se contemplan os gastos derivados da débeda pública (programa de gasto 911A).

(en porcentaxe respecto ao total de gasto de cada Consellería)




Fonte: Consellería de Facenda

### III.2. Dereitos da infancia

Atendendo á clasificación do gasto segundo os dereitos da infancia (desenvolvemento pleno, supervivencia, protección, información e outros bens públicos) o gasto en desenvolvemento pleno é o máis elevado (78,7%), seguido do gasto en supervivencia (34,4%). En terceiro lugar estaría o gasto en protección (20,2%). Compre sinalar que un mesmo proxecto pode destinar os seus recursos a máis dun dereito, polo que a suma da porcentaxe de gasto segundo os dereitos da infancia supera o 100% (Gráfico 7).

O gasto que atinxe ao desenvolvemento pleno e a supervivencia recolle todos aqueles recursos, aptitudes e as contribucións necesarias para o desenvolvemento integral dos nenos e a súa supervivencia. Entre outros dereitos, inclúe unha alimentación axeitada, vivenda, educación, saúde, actividades culturais, tanto no que se refire aos medios para lograr estes dereitos como o acceso a eles. Pola súa banda, o gasto en protección recolle as dotacións comprometidas contra todo tipo de malos tratos, abandono ou explotación infantil.


Gráfico 7. Porcentaxe de gasto segundo os dereitos da infancia e adolescencia



Fonte: Consellería de Facenda

Unha maior desagregación dos dereitos mostra que é o gasto en educación o máis elevado (66,1%), seguido do gasto en saúde (21,6%). En terceiro lugar, estaría o gasto en protección (8,3%). O Gráfico 8 resume estes resultados.

Gráfico 8. Porcentaxe de gasto segundo os dereitos da infancia e adolescencia



Fonte: Consellería de Facenda

### A estrutura por categoría principal de gasto

Como foi indicado no apartado anterior, as partidas da Xunta de Galicia con maior volume de recursos corresponden ao dereito ao desenvolvemento pleno. Dentro desta categoría encóntranse as seguintes subcategorías: Educación, Cultura e ocio, Políticas de xuventude e Desenvolvemento económico e medioambiental. Para atender a estes dereitos a Xunta destina 2.673 millóns de euros, sendo o dereito á educación, con un importe de 2.244 millóns de euros, o que supón unha maior porcentaxe (84,0%) dentro deste dereito.


En segundo lugar figuraban os recursos destinados á supervivencia, categoría na que se encontran as seguintes subcategorías: Alimentación, Vivenda e infraestruturas Básicas, Saúde, Asistencia social e Benestar Económico. Para atender a estes dereitos a Xunta destina 1.169 millóns de euros, sendo o dereito á saúde, con un importe de 732 millóns de euros, o que supón unha maior porcentaxe da categoría (62,6%).

No que atinxe ao dereito á protección, o importe orzamentado en 2021 ascende a 687 millóns de euros, neste apartado o 41,0% do gasto corresponde ao concepto de protección e o importe restante divídese nas subcategorías de Dereitos básicos (19,4%), Seguridade (20,8%) e Xustiza (18,8%).

Por último, na categoría de Información, o 57,5% do gasto orzamentado corresponde á categoría da información. O orzamento de 2021 previsto para este apartado é de 21 millóns de euros. O Gráfico 9 reflicte a porcentaxe de gasto por subcategorías dentro de cada categoría principal dos dereitos da infancia e adolescencia.



Gráfico 9. Porcentaxe de gasto dentro de cada categoría principal dos dereitos da infancia e adolescencia



Fonte: Consellería de Facenda

### III.3. Categorias de gasto en infancia


Utilizando como variable de clasificación as categorías de gasto: presenza de nenos, presenza de adultos, presenza de adultos e nenos, bens públicos e colectivos particulares (Gráfico 10), a maior parte do gasto corresponde a proxectos onde se require a presenza legal ou natural de nenos e nenas (43,6%), seguido dos gastos asociados a bens públicos (29,2%) e daqueles gastos cuxo beneficio se dirixe a un determinado colectivo ou sub-conxunto da poboación total á que se refire o orzamento (26,7%).

O primeiro caso comprendería aquel gasto para cuxa execución é necesaria a presenza legal ou natural de nenos e nenas, ou actividades relacionadas especificamente con nenos e nenas, pero non a presenza de adultos. Por exemplo, programas de educación infantil, gasto en formación de profesorado en etapas non universitarias ou axudas para mercar libros. O terceiro caso recolle o gasto para o cal non é imprescindible ningún dos grupos (nenos e nenas e adultos) e diríxese a un grupo de poboación concreto cun orzamento particular.

As categorías de gasto con menor peso serían aquelas que exixen tanto a presenza de nenos e nenas e adultos (0,4%) e a presenza de adultos (0,1%).

No primeiro caso, os dous colectivos son complementarios, xa que este gasto deixaría de contemplarse en ausencia de un dos grupos. Este sería o caso por exemplo, de axudas familiares como as de maternidade ou paternidades, ao esixir tanto a presenza dos pais e nais como dos fillos e fillas para recibilas. No segundo caso recollería o gasto para cuxo beneficio se require a presenza de adultos, non sendo imprescindible a presenza de nenos e nenas. A Táboa I resume as categorías de gasto utilizadas e os importes asignados.

Gráfico 10. Porcentaxe de gasto segundo as categorías de gasto



Fonte: Consellería de Facenda

Táboa I: Categorías de gasto e dotación (en euros)

Categoría de gasto	Importe (€)
Presenza de nenos/as	1.458.629.716
Presenza de adultos/as	3.688.292
Presenza de adultos/as e nenos/as	12.195.219
Bens públicos	978.495.683
Colectivos particulares	894.068.469

Fonte: Consellería de Facenda



## CLASIFICACIÓN DOS PROXECTOS




#### IV. CLASIFICACIÓN DOS PROXECTOS

Clasificando os proxectos segundo a porcentaxe do gasto que se destina a infancia pódense distinguir os seguintes grupos: i) Proxectos sen gasto en infancia; ii) Proxectos con gasto en infancia e adolescencia inferior á porcentaxe da poboación menor de 18 anos (14,2%), iii) Proxectos con gasto en infancia e adolescencia igual á porcentaxe da poboación menor de 18 anos (14,2%); iv) Proxectos con gasto en infancia e adolescencia superior á porcentaxe da poboación menor de 18 anos (14,2%) pero menor do 100% do gasto do proxecto; v) Proxectos co 100% do gasto destinado a infancia e adolescencia. A partires desta clasificación, o Gráfico 11 resume os resultados.

O 59,3% do orzamento estáselle a imputar un gasto en infancia e adolescencia segundo a porcentaxe que esta poboación supón sobre o total (14,2%), un 12,1% non ten gasto asociado a infancia e adolescencia e un 12,4% do gasto do orzamento está destinado exclusivamente a este colectivo.

Gráfico 11. Porcentaxe de gasto segundo categorías dos proxectos




Fonte: Consellería de Facenda

Na seguinte páxina móstrase para cada grupo de proxectos como se distribúe o gasto segundo as diferentes consellerías.

2 Para obter esta cifra realizouse o seguinte cálculo. Poboación de Galicia a 1 de xaneiro 2020 (operación estatística Cifras de poboación do INE): 2.702.244; Poboación en Galicia menor de 18 anos (segundo a mesma fonte): 384.048; Porcentaxe de poboación en Galicia menor de 18 anos en 2018: 14,2%.


Gráfico 12. Porcentaxe de gasto en infancia e adolescencia por Consellería segundo categorías dos proxectos



Fonte: Consellería de Facenda

O importe dos proxectos sen gasto en infancia ascende a 1.416 millóns de euros, un 12,1% do orzamento. Este valor distribúese por consellerías do seguinte xeito: un 36,4% corresponde á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, un 19,6% á Consellería de Emprego e Igualdade, un 15,1% á Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e un 9,0% á Consellería do Mar.

Gráfico 1.3. Porcentaxe por Consellería do importe dos proxectos sen gasto en infancia e adolescencia




Fonte: Consellería de Facenda

#### IV.1. Análise por dereitos da infancia

Dentro dos proxectos que imputan o 100% do seu gasto á infancia e adolescencia, o dereito con maior porcentaxe (referido ao importe dos mesmos sobre o total) deste tipo de proxectos é o de Protección (73,7%), seguido do de Desenvolvemento Pleno (66,3%). Pola contra, son os dereitos de Outros Bens Públicos e o de Información os que presentan a maior porcentaxe de proxectos co 14,2% de gasto en infancia, o 74,6% no primeiro caso (dato esperable ao tratarse dunha partida máis xeralista) e o 84,8% no segundo. O Gráfico 14 resume estes resultados.

Gráfico 14. Porcentaxe de gasto en infancia e adolescencia segundo categorías dos proxectos por dereitos da infancia




Fonte: Consellería de Facenda



## IV.2. Análise por categoría de gasto

Dentro dos proxectos que imputan o 100% do seu gasto á infancia e adolescencia, a categoría de gasto con maior porcentaxe (referido ao importe dos mesmos sobre o total) deste tipo de proxectos é, como non podería ser doutro xeito, a de Presenza de nenos/as (97,7%), seguido da de Presenza de adultos/as e nenos/as (39,0%). Pola contra, é nas categorías de Presenza de adultos/as e de Bens Públicos onde o gasto en infancia e adolescencia é maior en proxectos aos que se lle imputa o 14,2% (95,4% e 92,4% respectivamente). O Gráfico 15 resume estes resultados.

Gráfico 15. Porcentaxe de gasto en infancia e adolescencia segundo categorías dos proxectos por dereitos da infancia



Fonte: Consellería de Facenda





## **ORZAMENTO EN INFANCIA E ADOLESCENCIA SEGUNDO O PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA (PEG)**




## V. ORZAMENTO EN INFANCIA E ADOLESCENCIA SEGUNDO O PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA (PEG)

O PEG distribúe o orzamento da Xunta de Galicia (orzamento consolidado, que comprende o das entidades con orzamento limitativo (Administración xeral, organismos autónomos e axencias públicas autonómicas e entidades públicas instrumentais de asesoramento ou consulta) e no que non se contemplan os gastos derivados da débeda pública (programa de gasto 911A)) en cinco grandes Eixes: Eixe 1: Empregabilidade e crecemento intelixente, Eixe2: Benestar das persoas e as familias e cohesión social, Eixe 3: Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes, Eixe4: Sociedade dixital, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno e Eixe5: Administración moderna, eficiente e de calidade.

Se temos en conta a porcentaxe de gasto en infancia e adolescencia de cada un os eixes observamos que é no Eixe 1 onde esta porcentaxe é mais elevada, un 55,4%, no resto dos eixes a porcentaxe oscila entre o 10,9% do eixe 3 e o 18,7 do eixe 2.


Gráfico 16. Porcentaxe de gasto segundo os Eixes do PEG



Fonte: Consellería de Facenda

Ao utilizar a información dos proxectos clasificados segundo o seu grado de gasto en infancia e adolescencia dentro dos eixes do PEG obtemos os seguintes gráficos, nos que se observa que é no eixe 1 (a educación está incluída neste eixe) onde se observa unha maior porcentaxe do gasto de proxectos co 100% destinado a infancia e adolescencia. En cambio nos restantes eixes a tipoloxía de proxectos con maior peso corresponde a aqueles aos que se lle imputa o 14,2%, porcentaxe que supón a poboación infantil e adolescente no conxunto.

Gráfico 17. Porcentaxe de gasto en infancia e adolescencia segundo categorías dos proxectos por Eixes do Plan Estratégico



Fonte: Consellería de Facenda



## COMPARACIÓN CO ORZAMENTO DO ANO ANTERIOR






## VI. COMPARACIÓN CO ORZAMENTO DO ANO ANTERIOR

Neste apartado ofrécese unha comparativa entre o orzamento do ano 2021 e 2020 segundo as principais variables utilizadas nos apartados anteriores. O cambio na clasificación orgánica impide a realización da comparación por Consellerías, pero a continuación expóñense os principais resultados no que se refire á dereitos da infancia e adolescencia, por categorías de gasto e por tipoloxía de proxectos.

O orzamento de ano 2021 no que se refire ao gasto en infancia e adolescencia incrementouse un 10,0%, 3,5 puntos por debaixo do incremento do orzamento total, as partidas destinadas a combater os efectos da pandemia Covid-19 afectan en maior medida a actuacións no ámbito do emprego e da actividade empresarial, á sanidade e políticas social onde a porcentaxe de gasto destinado á infancia está por debaixo da media do orzamento. En termos absolutos produciuse un incremento do gasto en infancia e adolescencia de máis de 300 millóns de euros.

Atendendo á clasificación do gasto segundo os dereitos da infancia (desenvolvemento pleno, supervivencia, protección, información e outros bens públicos) as porcentaxes destinadas a cada dereito rexistran uns valores similares nos dous anos, en 2021 o gasto en desenvolvemento pleno descende a súa participación no total 2,2 puntos. (Gráfico 18).


Gráfico 18. Porcentaxe de gasto segundo os dereitos da infancia e adolescencia. Orzamentos 2020 e 2021



Fonte: Consellería de Facenda

Unha maior desagregación dos dereitos mostra porcentaxe similares nos dous anos, o gasto en educación o máis elevado rolando o 66%, seguido do gasto en saúde cun 20% aproximadamente. O Gráfico 19 resume estes resultados.


Gráfico 19. Porcentaxe de gasto segundo os dereitos da infancia e adolescencia. Orzamentos 2020 e 2021



Fonte: Consellería de Facenda

Utilizando como variable de clasificación as categorías de gasto: presenza de nenos, presenza de adultos, presenza de adultos e nenos, bens públicos e colectivos particulares (Gráfico 20), as diferenzas entre 2020 e 2021 son moi reducidas, a maior parte do gasto corresponde a proxectos onde se require a presenza legal ou natural de nenos e nenas.


Gráfico 20. Porcentaxe de gasto segundo as categorías de gasto. Orzamentos 2020 e 2021



Fonte: Consellería de Facenda


Por último, clasificando os proxectos segundo a porcentaxe do gasto que se destina a infancia tamén se observa unhas porcentaxes similares nos orzamentos de 2020 e 2021. Preto do 60% do orzamento estéselle a imputar un gasto en infancia e adolescencia segundo a porcentaxe que esta poboación supón sobre o total (14,2%), aproximadamente un 12% non ten gasto asociado a infancia e adolescencia e un 13% do gasto do orzamento está destinado exclusivamente a este colectivo.

Gráfico 21. Porcentaxe de gasto segundo categorías dos proxectos. Orzamentos 2020 e 2021



Fonte: Consellería de Facenda





## CONCLUSIÓNS



## VII. CONCLUSIÓNS

O obxectivo deste informe é analizar, dende a perspectiva da infancia e adolescencia, a política de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2021. A necesidade de contar con ferramentas que avalíen axéitamente o esforzo destinado aos nenos precisa dispoñer de información sobre os esforzos autonómicos que se están a facer.

Polo tanto, é preciso ter en conta os orzamentos dedicados a infancia e adolescencia para medir o grado de adecuación dos mesmos as necesidades. O anterior, garante un exercicio de transparencia sobre os procedementos de asignación do orzamentos para comprobar a incidencia real sobre a infancia e adolescencia.

Por primeira vez, realizouse un exercicio de estimación pormenorizado de políticas relacionadas coa infancia por parte da Xunta de Galicia. Con este traballo cómprese unhas das recomendacións feitas pola ONU para coñecer a incidencia das actuacións orzamentarias, dende a perspectiva do gasto. Do estudo realizado, derívanse as seguintes conclusións:

A porcentaxe que supón gasto en infancia e adolescencia nos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia en 2021 é do 29,0%, o que supón 3.395,1 millóns de euros. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade protagoniza o 62,2% do total deste gasto, seguida da Consellería de Sanidade, co 19,7% do total.

É a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a que destina unha maior parte do seu orzamento a infancia e adolescencia (77,5%), seguida da Consellería de Política Social (27,2%).

Atendendo á clasificación do gasto segundo os dereitos da infancia (desenvolvemento pleno, supervivencia, protección, información e outros bens públicos) o gasto en desenvolvemento pleno é o máis elevado (78,7%), seguido do gasto en supervivencia (34,4%). En terceiro lugar estaría o gasto en protección (20,2%).

Utilizando como variable de clasificación as categorías de gasto: presenza de nenos, presenza de adultos, presenza de adultos e nenos, bens públicos e colectivos particulares (Gráfico 10), a maior parte do gasto corresponde a proxectos onde se require a presenza legal ou natural de nenos e nenas (43,6%), seguido dos gastos asociados a bens públicos (29,2%) e daqueles gastos cuxo beneficio se dirixe a un determinado colectivo ou sub-conxunto da poboación total á que se refire o orzamento (26,7%).

Ao 59,3% do orzamento estáselle a imputar un gasto en infancia e adolescencia segundo a porcentaxe que esta poboación supón sobre o total (14,2%), un 12,1% non ten gasto asociado a infancia e adolescencia e un 12,4% do gasto do orzamento está destinado exclusivamente a este colectivo.

O importe dos proxectos sen gasto en infancia ascende a 1.416 millóns de euros, un 12,1% do orzamento. Este valor distribúese por consellerías do seguinte xeito: un 36,4% corresponde á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, un 19,6% á Consellería de Emprego e Igualdade, un 15,1% á Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e un 9,0% á Consellería do Mar.

Dentro dos proxectos que imputan o 100% do seu gasto á infancia e adolescencia, o dereito con maior porcentaxe (referido ao importe dos mesmos sobre o total) deste tipo de proxectos é o de Protección (73,7%), seguido do de Desenvolvemento Pleno (66,3%). Pola contra, son os dereitos de Outros Bens Públicos e o de Información os que presentan a maior porcentaxe de proxectos co 14,2% de gasto en infancia, o 74,6% no primeiro caso (dato esperable ao tratarse dunha partida máis xeralista) e o 84,8% no segundo..

Ao utilizar as categorías de gasto, proxectos que imputan o 100% do seu gasto á infancia e adolescencia, a categoría de gasto con maior porcentaxe deste tipo de proxectos é, como non podería ser doutro xeito, a de Presenza de nenos/as (97,7%), seguido da de Presenza de adultos/as e nenos/as (39,0%).

En termos do Plan Estratéxico de Galicia, que distribúe o orzamento da Xunta de Galicia en cinco grandes Eixes: Eixe1: Empregabilidade e crecemento intelixente, Eixe2: Benestar das persoas e as familias e cohesión social, Eixe 3: Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes, Eixe4: Sociedade dixital, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno e Eixe5: Administración moderna, eficiente e de calidade. se temos en conta a porcentaxe de gasto en infancia e adolescencia de cada un os eixes observamos que é no Eixe 1 onde esta porcentaxe é mais elevada, un 55,4%, no resto dos eixes a porcentaxe oscila entre o 10,9% do eixe 3 e o 18,7 do eixe 2.





## BIBLIOGRAFÍA



---

## VIII. BIBLIOGRAFÍA

Comité de los Derechos de Niño (2010). Observaciones finales sobre los informes periódicos quinto y sexto combinados de España dirigidas a las Comunidades y Ciudades Autónomas, Convención de los Derechos del Niño, /c/ESP/CO/5-6 [consultado o 19 de setembro de 2019] Disponible en <https://www.aepap.org/sites/default/files/noticia/archivos-adjuntos/observaciones-finales-v-iv-informes-aplicacion-convencion-derechos-nino-en-espana.pdf>

ONU (2003). Observaciones Generales del Comité de los derechos de los niños, UNICEF, CRC/GC/2003/5, novembro [consultado o 19 de setembro de 2019]. Disponible en <https://www.unicef.org/ecuador/UNICEF-ObservacionesGeneralesDelComiteDe-LosDerechosDelNino-WEB.pdf>

UNICEF- Comité Español (2015). Cuadernos para el debate 4. La infancia de los presupuestos. Estimación de la inversión en políticas relacionadas con la infancia en España y su evolución entre 2007 y 2013. Madrid.

UNICEF-Comite Español (2006). Convención sobre los derechos de niño, Plan de Acción de la Cumbre Mundial a favor de la Infancia, 30 de setembro de 1990 [consultado o 19 de setembro de 2019]. Disponible en <http://www.un.org/es/events/childrenday/pdf/derechos.pdf>

UNICEF-Comité Español (2018). Medición de la inversión presupuestaria en la infancia. Propuesta metodológica y primeros resultados en España, Madrid [consultado o 19 de setembro de 2019]. Disponible en <https://www.unicef.es/publicacion/medicion-de-la-inversion-presupuestaria-en-la-infancia-propuesta-metodologica>

